

Fron da


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 48

ano 8

setembro-outubro 2013

Os arquivos de empresa (I)



A imaxe do folleto da **Feira de Barcelona** que ilustra este número de *Fron da* pouco ten que ver coa realidade económica do Ourense dos anos trinta, pero serve de alegoría das actividades mercantís e industriais coas que se asocian os **arquivos de empresa**. Aínda que o groso dos documentos deste tipo de arquivos están relacionados coa xestión económica da empresa, non é infrecuente encontrar coleccións de impresos relativas a outras actividades tamén empresariais. Neste caso trátase dun folleto procedente do fondo **Hijos de Simeón García e Cía** no que se promove a Feira de Barcelona do ano 1934 baixo o lema: “Barcelona para el progreso de la industria española y el desarrollo de las relaciones económicas entre los pueblos”.

A función do arquivo de empresa, como o de calquera entidade, é contribuír dun modo operativo ao bo funcionamento desta e á consecución dos seus obxectivos. A diferenza doutras entidades con maior permanencia ou continuidade no tempo (administracións públicas, institucións relixiosas...) boa parte das sociedades mercantís tiveron unha vida máis ou menos curta, xa sexa por propia desaparición ou por absorción noutras sociedades, o que supuxo en moitos casos a **desaparición dos**

seus arquivos. Ao mesmo tempo, as empresas en xeral tiveron escasa preocupación pola salvagarda dos seus documentos históricos e o habitual foi que só conservasen aqueles que mantiñan utilidade económica ou xurídica. Por todo isto entenderase que só chegase aos nosos días unha mínima parte do legado documental das sociedades mercantís e que os seus fondos non sexan moi abundantes nos arquivos históricos.

As razóns de **escaseza** apuntadas aínda hai que engadir a tardía e **menor industrialización** de España en relación coas economías capitalistas do século XIX e boa parte do XX, circunstancia acentuada en Galicia e en particular na provincia de Ourense. Aínda así, o Arquivo Histórico Provincial conserva un conxunto de fondos de empresa que testemuñan unhas actividades económicas moi relevantes para a **memoria empresarial** da provincia.

[1934, Barcelona]

Folleto promocional da Feira de Barcelona de 1934

Impreso; castelán; 426 x 333 mm

AHPOu. *Hijos de Simeón García y Cía de Orense*, C. 14532

A actividade empresarial en Ourense nos séculos XIX e XX

Ata o último cuarto do século **XIX** a provincia de Ourense caracterizouse por unha economía pechada e estancada que repousaba, en esencia, sobre unha agricultura de autosubsistencia. A **industria** reducíase á fabricación de curtidos, manufacturas téxtiles, fábricas de chocolates ou muíños fariñeiros; en xeral talleres familiares que xunto aos **artesáns** e ao **pequeno comercio** da capital e das vilas satisfacían a demanda do mercado local. Sóamente a fundición creada en 1849 polo empresario de orixe belga **Manuel Malingre** podía considerarse como empresa de carácter netamente capitalista.

Este estancamento económico e a inexistencia dunha oferta diversificada no mercado local propiciou que unha parte dos bens de consumo fosen importados por **comerciantes ambulantes**, na súa maioría de orixe foránea (zamoranos, rioxanos, casteláns, asturianos...). Pero dende a década de 1860, coa modernización dos transportes e as **comunicacións** (estrada nacional Vigo-Villacastín, ferrocarril Ourense-Zamora) a arrieiría deixou de ser rendible e eses comerciantes ambulantes foráneos abriron **negocios estables** (tecidos, alimentación e ferraxaría) na capital e nalgúns vilas da provincia. Comunicacións, comercio e crecemento demográfico xeraron un dinamismo económico aproveitado por eses mesmos comerciantes e por outros emprendedores foráneos para crear unha **banca local** que permitiu canalizar o aforro do comercio e da emigración e estimulou a apertura de novos negocios.

Esta substancial transformación do mundo urbano baseada no desenvolvemento do **sector terciario** e propiciada polos cambios das últimas décadas do XIX deu lugar a unha nova configuración económica, socio-profesional e urbanística que se mantivo con poucos cambios ata a década dos setenta do **século XX**. De feito, ata esa época non se rexistrou outro impulso relevante que permitise modernizar de novo a economía provincial. Tras o pulo operado nese momento as actividades agrarias perderon definitivamente a súa primacía en favor da **industria** (lousa, téxtil, agroalimentación...) e os **servizos** no conxunto do territorio da provincia, se ben a **modernización económica** concentrouse na capital, na súa contorna e nas capitais comarcais, de maneira que se agudizaron os desequilibrios económicos interterritoriais, sobre todo entre o mundo rural e o urbano.

Os fondos de empresa do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

O débil e tardío desenvolvemento da economía capitalista en Ourense é unha das razóns da **escaseza de arquivos históricos de empresa** nesta provincia, o que dota de máis valor os que se conservan no AHPOU. Trátase de fondos que dan testemuño de actividades de diferentes sectores (comerciais, financeiras, industriais e tipográficas) e que ilustran algúns aspectos do desenvolvemento económico da provincia durante os sécu-

los XIX e XX.

O fondo da Sociedade Mercantil **Hijos de Simeón García y Cía** combina o carácter comercial e financeiro e é o máis voluminoso, con 1671 unidades de instalación (caixas e libros) que case cobren un século da historia económica ourensá (1878-1969). Séguelle en importancia o fondo da **Banca Pereiro Rey** con 88 unidades de instalación e datas extremas que abranguen de 1818 a 1918. Este fondo inclúe documentación persoal de Manuel Pereiro Rey, destacado personaxe do Ourense de finais do XIX e principios do XX, na que se fai difícil deslindar a actividade empresarial das súas ocupacións políticas e privadas.



Portada do folleto promocional da Feira de Barcelona do ano 1934. AHPOU, *Hijos de Simeón García y Cía*, Caixa 14532

Dos fondos de carácter industrial só o de "**La Milagritos**" ten entidade por volume (88 unidades de instalación) e cronoloxía (1962-1982). Esta empresa radicada en **Astorga** dedicábase á elaboración de chocolates e manteigadas. O libro que se conserva do outro fondo industrial, a fábrica de fariñas **Limia Industrial**, é meramente testemuñal, pois o seu interese informativo é moi reducido.

A documentación dos restantes fondos de empresa tamén é moi escasa. Da prensa local consérvanse unha caixa e cinco libros (1899-1911) do xornal **El Miño** e un libro (1895-1896) de **La Voz Católica**. Por último, a actividade tipográfica está representada polas 6 unidades de instalación da **imprensa Rionegro/Lozano**, con datas que van de 1872 a 1901.

Nos arquivos históricos provinciais poden atoparse outras **fontes indirectas** que suplen a escaseza de arquivos de empresa. É de especial utilidade a documentación facendística das administracións central e autonómica xerada polas súas dependencias territoriais e, en xeral, polas delegacións provinciais dos distintos ministerios e consellerías. Tamén se poderá encontrar información de actividades empresariais nos protocolos notariais, na documentación xudicial ou na das contadorías de hipotecas, rexistros da propiedade e rexistros mercantís. Para a etapa franquista é de especial utilidade o fondo da **Organización Sindical** (1941-1978).



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

